

IES LAXEIRO
CONCRECIÓN CURRICULAR

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro.

a.1. ENSINANZAS DE ESO

A7, D156/2022, 15set, polo que se establecen a ordenación e o currículo da ESO na CAGZ, desenvolve A7, RD217/2022, 29mar, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da ESO, que á súa vez se refire ao A23, LOE-LOMLOE establece que a ESO contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

A adecuación destes obxectivos ao contexto socioeconómico e cultural do centro, recollido no Proxecto Educativo do centro (PE), supón abarcar un amplo espectro de programas, dada a diversidade social e cultural propia do centro e a súa contorna.

Neste sentido, partindo da responsabilidade persoal e do respecto ás diferenzas individuais e colectivas, foméntase a aprendizaxe autónoma, a animación á lectura e o desenvolvemento da expresión oral e escrita e as habilidades sociais mediante

programas de acompañamento e dotando destes contidos os períodos lectivos de Atención Educativa e a optatividade.

Considerando o incremento do fluxo migratorio que ten a comarca de Deza, na que se inscribe o centro, faremos especial fincapé á aplicación das Medidas de Atención á Diversidade que poidan favorecer a adquisición dos obxectivos xerais e as competencias básicas da ESO por parte destes alumnos que proceden do estranxeiro e deben adaptarse ao noso contexto educativo e social.

A educación en valores democráticos incorporárase de xeito transversal na ESO e tamén no resto das ensinanzas do centro, sendo na ESO cando estes contidos adquiren unha maior relevancia, coa inclusión da materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos.

3

a.2. ENSINANZAS DE BACHARELATO

A7, D157/2022, 15set, polo que se establecen a ordenación e o currículo do Bacharelato na CAGZ, desenvolve A7, RD243/2022, 5abr, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do bacharelato, que á súa vez se refire ao A33, LOE-LOMLOE, establece que o bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madureza persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.
- o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

A4 (Fins) do D157/2022 establece que "O bacharelato ten como finalidade proporcionar formación, madureza intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Así mesmo, esta etapa deberá permitir a adquisición e o logro das

competencias indispensables para o futuro formativo e profesional, e capacitar para o acceso á educación superior.”

En canto á organización destas ensinanzas, A9 (Organización xeral), D157/2022 establece o seguinte:

1. As modalidades e, de ser o caso, as vías de bacharelato que poderán ofrecer os centros docentes autorizados serán as seguintes:

- a) Artes, na vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño. :
- b) Artes, na vía de Música e Artes Escénicas.
- c) Ciencias e Tecnoloxía.
- d) Humanidades e Ciencias Sociais.
- e) Xeral.

2. O alumnado de bacharelato terá que cursar materias comúns; materias específicas da modalidade elixida, obrigatorias e de opción, e materias optativas.

3. Coa finalidade de orientar a elección das alumnas e dos alumnos, os centros docentes na configuración da súa oferta poderán establecer agrupacións en itinerarios das materias específicas da modalidade elixida e das materias optativas, orientados aos diversos campos das ensinanzas superiores.

4. Os centros docentes deberán ofrecer a totalidade das materias específicas das modalidades e, de ser o caso, vías que teñan autorizadas.

Só se poderá limitar a elección de materias específicas da modalidade ou, de ser o caso, da vía por parte do alumnado cando haxa un número insuficiente deste para algunha das materias ou vías, segundo os criterios que determine a consellería con competencias en materia de educación e que terá en conta o carácter específico dos ámbitos rurais.

Cando a oferta de materias específicas quede limitada nun centro docente por razóns organizativas, a consellería con competencias en materia de educación facilitará que as materias que non poidan impartirse por esta causa se poidan cursar mediante a modalidade de educación a distancia ou, de non ser posible, noutros centros docentes.

5. A materia de Lingua Galega e Literatura terá un tratamento no centro análogo ao de Lingua Castelá e Literatura, de xeito que se garanta, en todo caso, o obxectivo de competencia lingüística suficiente en ambas as linguas oficiais, segundo o establecido no A8, D79/2010, 20mai, para o plurilingüismo no ensino non universitario.

O centro ten autorizadas as modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais, tanto na quenda ordinaria como para o ensino de adultos, e tamén a modalidade Xeral para a quenda ordinaria.

En consonancia co determinado no PE farase especial fincapé en todos aqueles obxectivos que se refiran ao respecto pola interculturalidade, á atención á diversidade, á formación en valores e ao coñecemento e conservación do noso patrimonio cultural.

b) A contribución á adquisición das competencias.

No D156/2022 e no D157/2022 indícase que as ensinanzas de ESO e Bacharelato participan do proceso de adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente que aparecen recollidas na Recomendación do Consello da UE, 22mai2018. Nestes decretos, estas competencias clave adaptáronse ao contexto escolar, así como aos principios e aos fins do sistema educativo.

As competencias clave en ambos os dous decretos son as seguintes:

- a) **Competencia en comunicación lingüística (CCL).** Supón interactuar de forma oral e escrita en diferentes ámbitos e contextos, e con propósitos comunicativos diversos. Favorece comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais e escritas, evitando os riscos de manipulación e desinformación, así como comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira cooperativa, creativa, ética e respectuosa. A competencia en comunicación lingüística constitúe a base para o pensamento propio e para a construción do coñecemento en todos os ámbitos do saber.
- b) **Competencia plurilingüe (CP).** Implica utilizar distintas linguas, oralmente e por escrito, de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, de ser o caso,

manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais. Asemade, pretende valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade co obxectivo de fomentar a convivencia democrática.

- c) **Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).** Desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos, comprender e explicar a contorna natural e social.
- d) **Competencia dixital (CD).** Implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas. Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais, a seguridade, asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.
- e) **Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).** Reflexionar sobre un mesmo, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente; colaborar con outros de forma construtiva; manter a resiliencia; e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Facer fronte á incerteza e á complexidade; adaptarse aos cambios; identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas; contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas.
- f) **Competencia cidadá (CC).** Exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos e a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo.
- g) **Competencia emprendedora (CE).** Desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas. Achega estratexias que permiten adaptar a mirada para detectar necesidades e oportunidades; adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e crear e reformular ideas; e espertar a disposición para aprender, a arriscar e a afrontar a incerteza. Implica tomar decisións baseadas na información e no coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades de comunicación e de negociación.
- h) **Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).** Comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se

comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais.

A seguir, preséntase unha táboa por cada nivel educativo impar no que se reflicte como todas as materias contribúen á adquisición de cada unha das competencias clave:

1º ESO

	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
BX	4.5%	4.5%	25%	6.5%	9.1%	6.25%	9.1%	4.3%
X-H	4.5%	4.5%	4.5%	6.5%	9.1%	20%	9.1%	20%
EFIS	3%	3%	3%	6.5%	9.1%	20%	9.1%	4.2%
PLAS	4.5%	4.5%	10%	6.5%	9.1%	6.25%	9.1%	20%
LCL	25%	10%	4.5%	6.5%	9.1%	6.25%	9.1%	15%
LGL	25%	10%	4.5%	6.5%	9.1%	6.25%	9.1%	15%
MT	4.5%	4.5%	25%	6.5%	9.1%	6.25%	9.1%	4.3%
ING	10%	25%	4.5%	6.5%	9.1%	6.25%	9.1%	4.3%
FR	10%	25%	4.5%	6.5%	9.1%	6.25%	9.1%	4.3%
R/PRXTO	4.5%	4.5%	4.5%	6.5%	9.0%	10%	9.0%	4.3%
T-DIX	4.5%	4.5%	10%	35%	9.1%	6.25%	9.1%	4.3%
	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

8

1º ESO – REFORZO (NON FRANCÉS)

	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
BX	4.5%	4.5%	25%	8%	10%	7%	10%	5%
X-H	4.5%	4.5%	4.5%	8%	10%	20%	10%	20%
EFIS	3%	3%	3%	8%	10%	20%	10%	5%
PLAS	4.5%	4.5%	10%	8%	10%	7%	10%	20%
LCL	28.5%	17.5%	4.5%	8%	10%	7%	10%	15%
LGL	28.50%	17.5%	4.5%	8%	10%	7%	10%	15%
MT	4.5%	4.5%	25%	8%	10%	7%	10%	5%
ING	13%	35%	4.5%	8%	10%	7%	10%	5%
FR	-	-	-	-	-	-	-	-
R/PRXTO	4.5%	4.5%	4.5%	8%	10%	11%	10%	5%
T-DIX	4.5%	4.5%	14.5%	36%	10%	7%	10%	5%
	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

1º ESO – EXENCIÓN LGL

	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
BX	4.5%	5.5%	25%	7%	10%	7%	10%	4.3%
X-H	4.5%	5.5%	4.5%	7%	10%	20%	10%	25%
EFIS	3%	4%	3%	7%	10%	20%	10%	4.2%
PLAS	4.5%	5.5%	10%	7%	10%	7%	10%	25%
LCL	35%	11%	4.5%	7%	10%	7%	10%	20%
LGL	-	-	-	-	-	-	-	-
MT	4.5%	5.5%	25%	7%	10%	7%	10%	4.3%
ING	20%	26%	4.5%	7%	10%	7%	10%	4.3%
FR	15%	26%	4.5%	7%	10%	7%	10%	4.3%
R/PRXTO	4.5%	5.5%	4.5%	7%	10%	11%	10%	4.3%
T-DIX	4.5%	5.5%	14.5%	37%	10%	7%	10%	4.3%
	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

2º ESO

	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
FQ	4.5%	4.5%	25%	6.5%	9.1%	6.25%	9.1%	4.3%
X-H	4.5%	4.5%	4.5%	6.5%	9.1%	20%	9.1%	20%
EFIS	3%	3%	3%	6.5%	9.1%	20%	9.1%	4.2%
T-DIX	4.5%	4.5%	10%	6.5%	9.1%	6.25%	9.1%	20%
LCL	25%	10%	4.5%	6.5%	9.1%	6.25%	9.1%	15%
LGL	25%	10%	4.5%	6.5%	9.1%	6.25%	9.1%	15%

MT	4.5%	4.5%	25%	6.5%	9.1%	6.25%	9.1%	4.3%
FR	10%	25%	4.5%	6.5%	9.1%	6.25%	9.1%	4.3%
INGLÉS	10%	25%	4.5%	6.5%	9.1%	6.25%	9.1%	4.3%
MÚSICA	4.5%	4.5%	4.5%	6.5%	9.0%	10%	9.0%	4.3%
R/PRXTO	4.5%	4.5%	10%	35%	9.1%	6.25%	9.1%	4.3%
	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

2º ESO – REFORZO (NON FRANCÉS)

	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
FQ	4.5%	4.5%	25%	7%	10%	7%	10%	5%
X-H	4.5%	4.5%	4.5%	7%	10%	20%	10%	20%
EFÍS	3%	3%	3%	7%	10%	20%	10%	5%
MUS	4.5%	4.5%	10%	7%	10%	7%	10%	20%
LCL	28.5%	17.5%	4.5%	7%	10%	7%	10%	15%
LGL	28.55%	17.5%	4.5%	7%	10%	7%	10%	15%
MT	4.5%	4.5%	25%	7%	10%	7%	10%	5%
ING	13%	35%	4.5%	7%	10%	7%	10%	5%
FR	-	-	-	-	-	-	-	-
R/PRXTO	4.5%	4.5%	4.5%	7%	10%	11%	10%	5%
T-DIX	4.5%	4.5%	14.5%	37%	10%	7%	10%	5%
	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

9

2º ESO - EXENCIÓN LGL

	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
FQ	4.5%	5.5%	25%	7%	10%	7%	10%	4.3%
X-H	4.5%	5.5%	4.5%	7%	10%	20%	10%	25%
EFÍS	3%	4%	3%	7%	10%	20%	10%	4.2%
T-DIX	4.5%	5.5%	10%	7%	10%	7%	10%	25%
LCL	35%	11%	4.5%	7%	10%	7%	10%	20%
LGL	-	-	-	-	-	-	-	-
MT	4.5%	5.5%	25%	7%	10%	7%	10%	4.3%
FR	20%	26%	4.5%	7%	10%	7%	10%	4.3%
INGLÉS	15%	26%	4.5%	7%	10%	7%	10%	4.3%
MÚSICA	4.5%	5.5%	4.5%	7%	10%	11%	10%	4.3%
R/PRXTO	4.5%	5.5%	14.5%	37%	10%	7%	10%	4.3%
	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

3º ESO

	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
FQ	3.5%	4%	20%	7.7%	7.7%	5%	7.7%	2%
BX	3.5%	4%	20%	7.7%	7.7%	5%	7.7%	2%
X-H	3.5%	4%	3%	7.7%	7.7%	18%	7.7%	22%
EFÍSICA	3.5%	4%	3%	7.7%	7.7%	17%	7.7%	2%
LCL	24%	11%	3%	7.7%	7.7%	5%	7.7%	15%
LGL	24%	11%	3%	7.7%	7.7%	5%	7.7%	15%
MT	3.5%	4%	23%	7.7%	7.7%	5%	7.7%	2%
CCLÁSICA – FR – EDIX	10%	11%	10%	7.7%	7.7%	5%	7.7%	2%
INGLÉS	10%	31%	3%	7.7%	7.7%	5%	7.7%	2%
MÚSICA	3.5%	4%	3%	7.7%	7.7%	5%	7.7%	16%
EPLÁSTICA	3.5%	4%	3%	7.7%	7.7%	5%	7.7%	16%
REL/ PROXECTO	3.5%	4%	3%	7.7%	7.7%	15%	7.7%	2%
EVCE	4%	4%	3%	7.6%	7.6%	5%	7.6%	2%
	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

3º ESO – EXENCIÓN LGL

	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
FQ	3.5%	4%	20%	8.4%	8.4%	5%	8.4%	2%
BX	3.5%	4%	20%	8.4%	8.4%	5%	8.4%	2%
X-H	3.5%	4%	3%	8.4%	8.4%	19%	8.4%	30%
EFÍSICA	3.5%	4%	3%	8.4%	8.4%	19%	8.4%	2%
LCL	34%	15%	4%	8.4%	8.4%	5%	8.4%	18%
LGL	-	-	-	-	-	-	-	-
MT	3.5%	4%	23%	8.3%	8.3%	5%	8.3%	2%
CCLÁSICA – FR – EDIX	14%	14%	11%	8.3%	8.3%	5%	8.3%	2%
INGLÉS	20%	35%	4%	8.3%	8.3%	5%	8.3%	2%

MÚSICA	3.5%	4%	3%	8.3%	8.3%	5%	8.3%	18%
EPLÁSTICA	3.5%	4%	3%	8.3%	8.3%	5%	8.3%	18%
REL/ PROXECTO	3.5%	4%	3%	8.3%	8.3%	17%	8.3%	2%
EVCE	4%	4%	3%	8.2%	8.2%	5%	8.2%	2%
	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

3º ESO – 1 VALIDACIÓN

	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
FQ	4%	4%	21%	8.3%	8.3%	5%	8.3%	2%
BX	4%	4%	21%	8.3%	8.3%	5%	8.3%	2%
X-H	4%	4%	3%	8.4%	8.4%	20%	8.4%	26%
EFÍSICA	4%	4%	3%	8.3%	8.3%	19%	8.3%	2%
LCL	24%	12%	3%	8.4%	8.4%	5%	8.4%	19%
LGL	24%	12%	3%	8.4%	8.4%	5%	8.4%	19%
MT	4%	4%	24%	8.4%	8.4%	5%	8.4%	2%
CCLÁSICA – FR – EDIX	10%	12%	10%	8.3%	8.3%	5%	8.3%	2%
INGLÉS	10%	32%	3%	8.3%	8.3%	5%	8.3%	2%
MÚSICA	-	-	-	-	-	-	-	-
EPLÁSTICA	4%	4%	3%	8.3%	8.3%	5%	8.3%	20
REL/ PROXECTO	4%	4%	3%	8.3%	8.3%	16%	8.3%	2%
EVCE	4%	4%	3%	8.3%	8.3%	5%	8.3%	2%
	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

10

3º ESO – 2 VALIDACIONES

	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
FQ	4%	4%	24%	9.1%	9.1%	5%	9.1%	2%
BX	4%	4%	24%	9.1%	9.1%	5%	9.1%	2%
X-H	4%	4%	3%	9.1%	9.1%	21%	9.1%	26%
EFÍSICA	4%	4%	3%	9.1%	9.1%	21%	9.1%	2%
LCL	28%	16%	3%	9.1%	9.1%	5%	9.1%	20%
LGL	28%	16%	3%	9.1%	9.1%	5%	9.1%	20%
MT	4%	4%	28%	9.1%	9.1%	5%	9.1%	2%
CCLÁSICA – FR – EDIX	-	-	-	-	-	-	-	-
INGLÉS	12%	36%	3%	9.1%	9.1%	5%	9.1%	2%
MÚSICA	-	-	-	-	-	-	-	-
EPLÁSTICA	4%	4%	3%	9.1%	9.1%	5%	9.1%	20%
REL/ PROXECTO	4%	4%	3%	9.1%	9.1%	18%	9.1%	2%
EVCE	4%	4%	3%	9%	9%	5%	9%	2%
	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

3º ESO DIVER

	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
AMB CIENT-MAT	10.5%	12%	63%	23.1%	23.1%	15%	23.1%	6%
AMB LING-SOC	61.5%	56%	12%	30.8%	30.8%	33%	30.8%	54%
EFÍSICA	3.5%	4%	3%	7.7%	7.7%	17%	7.7%	2%
CCLÁSICA – FR – EDIX	10%	12%	10%	7.7%	7.7%	5%	7.7%	2%
MÚSICA	3.5%	4%	3%	7.7%	7.7%	5%	7.7%	16%
EPLÁSTICA	3.5%	4%	3%	7.7%	7.7%	5%	7.7%	16%
REL/ PROXECTO	3.5%	4%	3%	7.7%	7.7%	15%	7.7%	2%
EVCE	4%	4%	3%	7.6%	7.6%	5%	7.6%	2%
	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

4º ESO (CON MATES B)/ 1 'CIENCIAS'

	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
X-H	10,0%	10,0%	7,15%	10,0%	10,0%	15,0%	10,0%	20,0%
EFÍSICA	2,5%	2,5%	7,15%	10,0%	10,0%	15,0%	10,0%	3,0%
LCL	25,0%	15,0%	7,14%	10,0%	10,0%	7,8%	10,0%	20,0%
LGL	25,0%	15,0%	7,14%	10,0%	10,0%	7,9%	10,0%	20,0%
MT B	2,5%	2,5%	25,0%	10,0%	10,3%	7,8%	10,0%	3,0%
INGLÉS	20,0%	40,0%	7,14%	10,0%	10,0%	7,8%	10,0%	15,0%
REL/PRXCTO	5,0%	5,0%	7,14%	10,0%	10,0%	15,0%	10,0%	10,0%
BIXE	5,0%	5,0%	10,0%	10,0%	10,0%	7,8%	10,0%	3,0%
FQ	2,5%	2,5%	15,0%	10,0%	10,0%	7,8%	10,0%	3,0%
3ª DE OPCIÓN	1,25%	1,25%	3,57%	5,0%	5,0%	3,9%	5,0%	1,5%
OPTATIVA	1,25%	1,25%	3,57%	5,0%	5,0%	3,9%	5,0%	1,5%

	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%
--	------	------	------	------	------	------	------	------

4º ESO (CON MATES B)/ 2 'CCSS & HUMANIDADES'

	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
X-H	10,0%	10,0%	8,34%	10,0%	10,0%	15,0%	10,0%	20,0%
EFÍSICA	2,5%	2,5%	8,33%	10,0%	10,0%	15,0%	10,0%	1,875%
LCL	20,0%	15,0%	8,33%	10,0%	10,0%	7,8%	10,0%	20,0%
LGL	20,0%	15,0%	8,33%	10,0%	10,0%	7,9%	10,0%	20,0%
MT B	2,5%	2,5%	25,0%	10,0%	10,0%	7,9%	10,0%	1,875%
INGLÉS	15,0%	30,0%	8,33%	10,0%	10,0%	7,8%	10,0%	12,5%
REL/PRXCTO	5,0%	5,0%	8,33%	10,0%	10,0%	15,0%	10,0%	7,5%
LAT	10,0%	10,0%	8,34%	10,0%	10,0%	7,8%	10,0%	1,875%
ECO	10,0%	5,0%	8,34%	10,0%	10,0%	7,8%	10,0%	12,5%
3ª DE OPCIÓN	2,5%	2,5%	4,165%	5,0%	5,0%	4%	5,0%	0,9375%
OPTATIVA	2,5%	2,5%	4,165%	5,0%	5,0%	4%	5,0%	0,9375%
	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

11

4º ESO (CON MATES B)/ 3 'ITINERARIO MIXTO'

	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
X-H	10,0%	10,0%	7%	10,0%	10,0%	15,0%	10,0%	20,0%
EFÍSICA	2,5%	2,5%	7,14%	10,0%	10,0%	15,0%	10,0%	3,0%
LCL	20,0%	10,0%	7,14%	10,0%	10,0%	7,8%	10,0%	20,0%
LGL	20,0%	10,0%	7,14%	10,0%	10,0%	7,9%	10,0%	20,0%
MT B	2,5%	2,5%	25%	10,0%	10,0%	7,9%	10,0%	3,0%
INGLÉS	15,0%	35,0%	7,04%	10,0%	10,0%	7,8%	10,0%	15,0%
REL/PRXCTO	5,0%	5,0%	7,04%	10,0%	10,0%	15,0%	10,0%	10,0%
BIXE	5,0%	5,0%	10%	10,0%	10,0%	7,8%	10,0%	3,0%
ECO	12,5%	12,5%	15,0%	10,0%	10,0%	7,8%	10,0%	3,0%
3ª DE OPCIÓN	3,75%	3,75%	3,75%	5,0%	5,0%	4%	5,0%	1,5%
OPTATIVA	3,75%	3,75%	3,75%	5,0%	5,0%	4%	5,0%	1,5%
	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

4º ESO (CON MATES A)/ 4

	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
X-H	10,0%	10,0%	7,15%	10,0%	10,0%	15%	10%	20,0%
EFÍSICA	2,5%	2,5%	7,15%	10,0%	10,0%	15%	10%	3,0%
LCL	25,0%	15,0%	7,14%	10,0%	10,0%	5%	10%	20,0%
LGL	25,0%	15,0%	7,14%	10,0%	10,0%	5%	10%	20,0%
MT B	2,5%	2,5%	25,0%	10,0%	10,0%	5%	10%	3,0%
INGLÉS	20,0%	40,0%	7,14%	10,0%	10,0%	5%	10%	15,0%
REL/PRXCTO	5,0%	5,0%	7,14%	10,0%	10,0%	15%	10%	10,0%
FOPP	5,0%	5,0%	15,0%	10,0%	10,0%	15%	10%	3,0%
TECNO	2,5%	2,5%	10,0%	10,0%	10,0%	15%	10%	3,0%
3ª DE OPCIÓN	1,25%	1,25%	3,57%	5,0%	5,0%	2,5%	5%	1,5%
OPTATIVA	1,25%	1,25%	3,57%	5,0%	5,0%	2,5%	5%	1,5%
	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

4º ESO DIVER

	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
AMB CIENT-MAT	10.5%	10.5%	68%	35%	35%	35%	35%	35%
AMB LING-SOC	74.5%	74.5%	12%	35%	35%	35%	35%	35%
EFÍSICA	2,5%	2,5%	7%	10%	10%	10%	10%	10%
REL/ PROXECTO	5,0%	5,0%	7%	10%	10%	10%	10%	10%
3ª DE OPCIÓN	3,75%	3,75%	3%	5%	5%	5%	5%	5%
OPTATIVA	3,75%	3,75%	3%	5%	5%	5%	5%	5%
	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

c) Os criterios para incorporar elementos transversais.

A18 (Elementos transversais), D156/2022 & A19 (*Elementos transversais*), D157/2022, recollen que

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

2. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

3. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

4. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

5. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

É dicir, na liña de potenciar a transversalidade, D156/2022 e D157/2022 subliñan a necesidade de asegurar o desenvolvemento integral de xeito que ademais de proporcionar os conceptos ou coñecementos académicos propios do proceso de ensino-

aprendizaxe se inclúan nel outros aspectos que aseguren e complementen ese desenvolvemento xeito integral da persoa.

Así pois, a especialización disciplinar propia destas ensinanzas debe complementarse coa integración de obxectivos sociais e culturais importantes para a nosa convivencia. O fin que se persegue é conseguir que o alumnado actúe con comportamentos responsábeis dentro da sociedade actual e futura, aceptando que as propias crenzas, valoracións e opcións deben convivir no respecto das crenzas e valores do resto.

Este complemento da especialización disciplinar son os denominados elementos transversais, aos que a normativa que desenvolve estas ensinanzas segue a considerar imprescindíbeis para a formación dos cidadáns.

As programacións didácticas respectivas reflectirán o xeito en que se tratarán ditos elementos, así como os obxectivos de etapa aos que se refiren e os criterios de avaliación que se deben aplicar para avaliar a súa adquisición.

Tamén serán incorporados no Plan de Acción Titorial na medida en que se establece na PXA, sendo anualmente revisados os resultados da aplicación de programacións e plans e fixando os obxectivos que ao respecto se programen para o seguinte curso.

Criterios metodolóxicos. Han de ser coherentes coas intencións educativas; haberá que optar por metodoloxías onde o alumno vaia formándose como ser autónomo e crítico, participativo, asuma responsabilidades, se plantexe e resolva interrogantes. Polo tanto a metodoloxía non debe ser puramente espositiva. Tamén se usará o entorno como recurso didáctico.

Actividades extraescolares e complementarias. Co fin de favorecer estes temas transversais, a programación de actividades extraescolares e complementarias deberá incluír elementos que contribúan a darlle senso global ás ensinanzas que sobre eles se impartan.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.

O centro elaborará as súas propostas pedagóxicas desde a consideración da atención á diversidade e do acceso de todo o alumnado á educación común.

Así mesmo, arbitrará métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.

A metodoloxía didáctica será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.

No proxecto educativo e nas programacións didácticas fixaranse as estratexias que desenvolverá o profesorado para alcanzar os obxectivos e lograr a adquisición das competencias clave no grao previsto en cada materia e, de ser o caso, en cada ámbito.

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo o alumnado e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, e fomentarse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias.

Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, na etapa da ESO dedicarase un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias.

Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

15

O centro docente impartirá de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.

No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas (CIL). Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares en cada materia lingüística, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

Estableceranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas na ensinanza e avaliación da lingua estranxeira para o alumnado con discapacidade, en especial para aquel que presenta dificultades na súa expresión oral. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.

dous

Todo proceso de ensino aprendizaxe debe partir dunha planificación rigorosa do que se pretende conseguir, tendo claro cales son os obxectivos ou metas, que recursos son necesarios, que métodos didácticos son os máis adecuados e como se avalía a aprendizaxe e se retroalimenta o proceso. Os métodos didácticos deben ser elixidos en

función do que se sabe que é óptimo para alcanzar as metas propostas e en función dos condicionantes en que ten lugar o ensino.

A natureza da materia, as condicións socioculturais, a dispoñibilidade de recursos e as características do alumnado condicionan o proceso de ensino-aprendizaxe, polo que será necesario que o método seguido polo profesorado se axuste a estes condicionantes co fin de propiciar unha aprendizaxe competencial no alumnado.

Os métodos deben partir da perspectiva do docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado; ademais, débense enfocar á realización de tarefas ou situacións-problema, formuladas cun obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo un uso adecuado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores; así mesmo, deben ter en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

No actual proceso de inclusión das competencias como elemento esencial do currículo, é preciso sinalar que calquera das metodoloxías seleccionadas polos docentes para favorecer o desenvolvemento competencial dos alumno/as se debe axustar ao nivel competencial inicial destes. Ademais, é necesario secuenciar o ensino de tal modo que se parta de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara a outras máis complexas.

Un dos elementos clave no ensino por competencias é espertar e manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova formulación do papel do alumno, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.

Os métodos docentes deberán favorecer a motivación por aprender nos alumno/as e, para tal fin, o profesorado debe ser quen de xerar neles a curiosidade e a necesidade por adquirir os coñecementos, as destrezas e as actitudes e valores presentes nas competencias. Así mesmo, co propósito de manter a motivación por aprender, é necesario que o profesorado procure todo tipo de axudas para que os estudantes comprendan o que aprenden, saiban para que o aprenden e sexan quen de usar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.

Para potenciar a motivación pola aprendizaxe de competencias requírense, ademais, metodoloxías activas e contextualizadas. Aquelas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiras.

As metodoloxías activas débense apoiar en estruturas de aprendizaxe cooperativa, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares.

Para un proceso de ensino-aprendizaxe competencial as estratexias interactivas son as máis adecuadas, ao permitir compartir e construír o coñecemento e dinamizar a sesión de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas. As metodoloxías que contextualizan a aprendizaxe e permiten a aprendizaxe por proxectos, os centros de interese, o estudo de casos ou a aprendizaxe baseada en problemas favorecen a participación activa, a experimentación e unha aprendizaxe funcional que vai facilitar o desenvolvemento das competencias, así como a motivación do alumnado ao contribuír decisivamente á transferibilidade das aprendizaxes.

O traballo por proxectos, especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias, baséase na proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un determinado resultado práctico. Esta metodoloxía pretende axudar o alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso en que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais. Favorécese, por tanto, unha aprendizaxe orientada á acción na cal se integran varias áreas ou materias: os estudantes poñen en xogo un conxunto amplo de coñecementos, habilidades ou destrezas e actitudes persoais, é dicir, os elementos que integran as distintas competencias.

Así mesmo, resulta recomendable o uso do *portfolio*, que proporciona información extensa sobre a aprendizaxe do alumnado, reforza a avaliación continua e permite compartir resultados de aprendizaxe. O *portfolio* é unha ferramenta motivadora para o alumnado que potencia a súa autonomía e desenvolve o seu pensamento crítico e reflexivo.

tres

A selección e uso de materiais e recursos didácticos constitúe un aspecto esencial da metodoloxía. O profesorado poderá implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

18

Finalmente, é necesaria unha adecuada coordinación entre os docentes sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen. Os equipos educativos débense propor unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas con criterios comúns e consensuados. Esta coordinación e a existencia de estratexias conexas permiten abordar con rigor o tratamento integrado das competencias e progresar cara a unha construción colaborativa do coñecemento.

Todos temos sido alumnos ou alumnas e temos tido profesores con diferentes metodoloxías e de todos temos aprendido algo. Polo tanto, non se trata de transcribir sen máis as orientacións dunha ou outra norma educativa, mais de mostrar que detrás de cada unha delas existen diversas teorías pedagóxica e didácticas, froito da investigación e da innovación, que ben poden considerarse unha folla de ruta para as tarefas docentes diarias.

Partindo desta reflexión, independentemente das particularidades metodolóxicas específicas de cada materia, considéranse que as liñas mestras da actuación docente poden ser as seguintes:

- 1, Facilitar a construción de aprendizaxes significativos. Os novos coñecementos deben integrarse nos esquemas previos de coñecemento, de aí a relevancia de practicar sistematicamente a avaliación inicial.

2, Para favorecer a integración e a significatividades das aprendizaxes, os contidos deben presentarse cunha estruturación clara das súas relacións tanto internas, entre partes da propia materia, como externas, con outras materias.

3, A intervención efectiva dirixirase a garantir a funcionalidade das aprendizaxes, é dicir, que as competencias clave e os coñecementos que se adquiran na aula poidan ser utilizados en calquera situación da vida cotiá que o requira.

4, Facilitar a motivación do alumnado, xa que afecta directamente no seu rendemento. Para optimizalo, convén explicitar a utilidade dos coñecementos, habilidades, destrezas, ... que se propoñen.

5, Manter no alumnado unha intensa actividade mental durante o proceso de ensino-aprendizaxe, que lle leve a reflexionar, asimilar novas adquisicións cognitivas e actitudinais, aplicarlas con efectividade e coherencia, e xustificar as súas actuacións.

6, Crear un clima de aceptación mutua e cooperación que favoreza as relacións entre iguais, a coordinación de intereses e a superación de calquera discriminación.

7, Atender á diversidade do alumnado utilizando todas as medidas metodolóxicas que sexan necesarias (traballo en grupo cooperativo, uso das TIC, ...) e que favorezan as aprendizaxes.

8, A utilización das TIC adquire unha especial relevancia. As TIC son unha ventá que abre a aula ao mundo e con elas podemos acceder a multitude de recursos cun gran potencial didáctico.

Por outra banda, en determinados casos, permiten unha atención individualizada adaptada ao ritmo de aprendizaxe de cada persoa. Polo tanto, ao fío das anteriores consideracións, na realidade educativa diaria, o profesorado non debe ser unicamente transmisor de información, mais tamén un condutor da aprendizaxe do alumnado, favorecendo un entorno de aprendizaxe colaborativo. Asimesmo, tamén debe quedar claro que a combinación dos métodos clásicos da lección maxistral, cualificada moitas veces de antiga ou caducada, coas innovacións propia dunha sociedade en continua e rápida (máis ben vertixinosa) evolución, é o xeito máis adecuado de acercar o noso

alumnado non só ao coñecemento mais tamén a algo moito máis importante: á forma de elaborar o seu propio coñecemento de xeito autónomo.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.

un

A edición e adoptción dos materiais e recursos didácticos e curriculares, incluídos, de ser o caso, o libros de texto deberán adaptarse ao rigor científico adecuado ás idades do alumnado e aos currículos establecidos na normativa educativa.

20

Asimesmo deberán reflectir e fomentar o respecto aos principios, valores, liberdades, dereitos e deberes constitucionais, así como aos principios e valores recollidos na LO1/2002, 28dec, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, na LO3/2007, 22mar, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, aos que debe axustarse toda a actividade educativa.

ORDE29mai2013 pola que se determina o período de vixencia dos libros de texto e demais materiais curriculares, no seu artigo único (Vixencia dos libros de texto e materiais curriculares), establece que

- 1. Determinar como período de vixencia dos libros de texto e materiais curriculares para as ensinanzas de réxime xeral seis (6) cursos académicos, contados desde a súa elección.
- 2. Durante este período só poderán substituírse cando circunstancias excepcionais ou de carácter pedagóxico ou científico o aconsellen, e así o determine a xefatura territorial correspondente desta consellería, logo do informe de inspección educativa, previa solicitude do centro.

dous

Os materiais e recursos didácticos son aqueles que se utilizan para o desenvolvemento das clases e que serven de guía das distintas materias e ámbitos ao longo do curso escolar. Estes poden ser de diversa índole:

-Libros de texto (formato papel ou formato dixital co soporte correspondente (ordenadores, tabletas, Caracterízanse por ser publicados por editoriais, suxeitos a dereitos de autor, identificados polo correspondente ISBN e deseñados para cumprir co currículo vixente.

-EVAs (Entornos de aprendizaxe virtuais: → Aula virtual ou Goggle Classroom). Adquiren especial importancia naquelas materias nas que non se emprega un libro de texto. Cada docente e cada discente conta cunha conta de correo propia do instituto coa que se accede a estas plataformas.

-Libros de consulta ou lectura. Publicados por editoriais, suxeitos a dereitos de autor, identificados polo correspondente ISBN, que no están deseñados para cumprir co currículo e que poden ser utilizados na súa totalidade ou en parte para o seguimento da materia.

-Apuntamentos. Públicos ou privados, non suxeitos a dereitos de autor.

-Audiovisuais. Materiais multimedia, suxeitos ou non a dereitos de autor, utilizados para o seguimento da materia.

Tamén entendemos que, dada a complexidade das decisións que os equipos docentes e os diversos profesores deben adoptar na planificación e posta en práctica da intervención educativa, é imprescindible contar co apoio de instrumentos, materiais e recursos idóneos que teñamos á nosa disposición:

-Recursos do entorno: museos, auditorio, biblioteca municipal, empresas, ...

-Biblioteca do centro e material de aula.

-Libros de texto e outro material impreso.

-Medios de comunicación social.

-Medios informáticos, laboratorios, talleres, ...

Así pois, cómpre establecer unha distinción entre os medios e recursos didácticos, pois os medios son aquelas ferramentas que se elaboraron con fins didácticos e os recursos son aquelas ferramentas que se introducen na aula sen estar elaborados con fins didácticos.

É preciso ter presente que a selección e uso de materiais e recursos didácticos constitúe un aspecto esencial da metodoloxía. O profesorado poderá implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado, coa finalidade de atender a diversidade na aula e presonalizar o proceso de construción das aprendizaxes. En efecto, débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das Tecnoloxía da Información e a Comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso aos recursos virtuais.

Os departamentos didácticos, de maneira consensuada, determinan que materiais e recursos utilizan para as distintas materias e cursos que imparten.

Á hora de realizar esta elección teranse en conta os seguintes criterios, entre outros:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Correspondencia dos obxectivos subxacentes que promoven -dedúcense das actividades que propoñen- cos obxectivos do Proxecto Educativo do centro, de cada ensinanza e materia o ámbito.
- Adecuación dos contidos con respecto aos obxectivos.
- Axeitada progresión de obxectivos e contidos.
- Inclusión dos elementos transversais.
- Cumprir cos requisitos da aprendizaxe significativa.
- Adecuación ós criterios de avaliación establecidos para cada etapa polo centro.
- Linguaxe adaptada ao nivel e ensinanza correspondente.
- Claridade, amenidade gráfica e expositiva.
- Atención aos distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado.
- Custe aceptable.
- Dispoñibilidade e facilidade de uso.

No caso de libros de texto, cada xefe de departamento deberá informar durante o mes de maio ou xuño á persoa responsable da xefatura de estudos sobre os libros de texto que comenzarán a súa vixencia no curso seguinte. Con tal fin, remitirase copia da acta de departamento onde se faga constar o acordo alcanzado detallando os libros de texto correspondentes citando a editorial, título, autor, ISBN e toda información que se estime de interese para facilitar a adquisición dos mesmos por parte das familias.

A seguir, actualizarase a información pertinente no enderezo do centro LIBROS DE TEXTO OFICIAIS ANO 2022-2023 | IES Laxeiro (xunta.gal) xerando a listaxe oficial de libros de texto definitiva. No caso de outros materiais curriculares que non sexan libros de texto e que non supoñan un esforzo económico ou unha planificación especial por parte das familias, farase constar na acta de departamento.

Neste sentido é relevante dicir que o centro está adherido ao Programa EDIXGAL en toda a ESO, co cal o alumnado dispón dun convertible e tamén ten acceso á plataforma dixital correspondente no que o profesorado selecciona os materiais que considera adecuados para cada materia segundo as directrices establecidas na correspondente programación didáctica.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade.

CRITERIOS XERAIS PARA DETERMINAR A OFERTA DE MATERIAS NA ESO.

1. Ofreceranse as materias optativas obligatorias segundo a normativa vixente.
2. Procurarse completar o conxunto de materias que se ofrezan de xeito que, na oferta global de materias para cada curso, estean presentes todas as áreas de coñecemento (Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades, Ciencias Sociais, Artes, ...).
3. Considerarase, antes de concretar a oferta definitiva, a atribución docente do profesorado dispoñíbel para a impartición de materias optativas.
4. Procurarase dar continuidade ás materias que se ofertan ao longo de toda a etapa para así favorecer que o alumnado poida afondar verdadeiramente nas materias do seu interese.
5. En aplicación da normativa vixente, deberá haber un mínimo de 5 alumnos para cada materia optativa, contando coa autorización preceptiva do Servizo de Inspección Educativa.
6. En 4º ESO os deseños de itinerarios responderán ás necesidades formativas do Bacharelato por unha banda e por outra tenderán a ofrecer ao alumnado unha

formación básica para o alumnado que non opte por seguir os seus estudos, ben sexa no bacharelato ou nun ciclo formativo de formación profesional.

CRITERIOS XERAIS PARA A ORGANIZACIÓN DOS BLOQUES DE MATERIAS DE CADA MODALIDADE DE BACHARELATO.

1. Ofreceranse, para cada modalidade, todas as materias obrigatorias de modalidade, as materias de opción de modalidade e as materias optativas.
2. Considerarase, antes de coñecer a oferta definitiva, a atribución docente do profesorado dispoñíbel para a impartición das materias de opción de modalidade e as materias optativas, e tomarase en conta, tal e como determina a normativa, as eleccións que se tivesen feito, para o caso de 2º de bacharelato, durante o 1º curso de bacharelato.
3. Procurará darse continuidade ás materias que se ofertan ao longo de toda a etapa para así favorecer que o alumnado poida afondar verdadeiramente nas materias do seu interese.
4. En aplicación da normativa vixente, deberá haber un mínimo de 5 alumnos para cada materia optativa, contando coa autorización preceptiva do Servizo de Inspección Educativa.

Ademais, priorizaranse as materias ás que o alumnado poida presentarse na ABAU, co obxectivo de maximizar as súas posibilidades de acceso aos estudos desexados.

CUESTIÓNS PROCEDIMENTAIS.

O Equipo Directivo elaborará os documentos relativos á oferta de materias optativas, ensinanzas, itinerarios unha vez estes sexan autorizados pola Administración educativa ou sexan aprobados pola CE.

Ditos documentos respectarán o establecido na normativa educativa en todos os seus extremos e serán incluídos no PE do centro.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias.

Establécense unha serie de criterios en relación co PE educativo de centro e tendo en conta a súa contribución ao logro das competencias establecidas na normativa correspondente:

1. Que os obxectivos da actividade teña en conta o desenvolvemento curricular.
2. Que promovan a participación e a inclusión de todo o alumnado evitando, dun xeito pro-activo, condutas e actitudes excluíntes.
3. Dar relevancia ás saídas ao entorno, que permitan ao alumnado investigar e descubrir a realidade tal e como é, á vez que poidan proporcionar escenarios nos que exercitar os esquemas de actuación xa adquiridos.
4. Que sexan coherentes co desenvolvemento curricular. A coherencia entre o deseño das actividades complementarias e extraescolares e as programacións didácticas é fundamental para poder garantir a funcionalidade e a efectividade nas aprendizaxes que realice o alumnado.

Deberase que cumplan unha serie de características:

- a. Que promovan e reforcen a motivación do alumnado.
 - b. Que sexan adecuados aos obxectivos e contidos programados nas diferentes materias e ámbitos.
 - c. Que favorezan a integración de contidos.
 - d. Que potencien a cooperación.
5. Que conecten coas tradicións da comarca para así coñecer mellor o noso entorno máis próximo, sendo un obxectivo contribuír a preservar a cultura e tradicións propias desde un punto de vista crítico.

Así mesmo, o estudo do noso pasado contribuirá a entender o noso presente e construír o futuro.

6. As actividades programadas deben propiciar a cooperación entre as diferentes ensinanzas e niveis educativos do centro. O intercambio de experiencias e información e o traballo conxunto a través de medidas organizativas que favorezan as relacións, permite o desenvolvemento de actividades que fomenten a aprendizaxe cooperativa e o desenvolvemento de dinámicas grupais variadas.

7. Debemos estar abertos á programación de propostas externas que poñan á enfase no desenvolvemento curricular que reflicten as programacións didácticas do centro.

8. Propiciar as convivencias escolares, favorecendo as relacións tanto entre os grupos de alumnos como con outras persoas de entornos diferentes ao seu.

9. Que conecten cos intereses reais do alumnado dun xeito compatíbel coas aprendizaxes que deben de adquirir e coas competencias que deben lograr ao final das respectivas etapas educativas e ensinanzas.

0. Que o custo das actividades nunca constitúa un impedimento que faga que alguén non a poida realizar.

Inclúese a Normativa de Actividades vixente.

NORMATIVA DE ACTIVIDADES

Documento aprobado en CE na sesión ordinaria do 7mai2015 que modifica e substitúe á do 30abr2013 que modifica e substitúe a normativa do 14mar2013 que modifica e substitúe a normativa do 8mai2008, que modifica e substitúe a normativa do 25xan2007, que modifica e substitúe a normativa sancionada polo CE do 29xan2003.

1/ FESTIVIDADES E CONMEMORACIONES

1.1. COINCIDENTES COA ENTREGA DE NOTAS (p.e.: Nadal, Semana Santa, Fin de Curso)

A Xefatura de Estudos, en colaboración co Departamento de Actividades Extraescolares e Complementarias, poderá suspender as clases durante toda a mañá para a realización de actividades complementarias. Ata o día inmediatamente anterior ao da entrega de notas (inclusive) haberá clases normais.

1.2. NON COINCIDENTES COA ENTREGA DE NOTAS (p.e.: Patrón, Antroido, Letras Galegas)

De programarse, as actividades realizaranse preferentemente a partir das 11.00 h., de xeito que as dúas primeiras horas sexan lectivas. No caso das Letras Galegas poderanse suspender máis clases (de ser posible, nunca máis de dúas diarias) ao longo dunha semana para conferencias, teatro, exposicións, concursos, ..., sempre e cando o DAEC e a Xefatura de Estudos o programen anticipadamente.

En calquera caso, e aparte da programación de actividades realizada a principio de curso, toda a comunidade escolar deberá estar informada da realización, contido e obxectivos das mesmas polo menos con 48 horas de antelación. Para tal fin, o DAEC elaborará un calendario de actividades e expoñerá nos diferentes taboleiros de anuncios, previa consulta coa Xefatura de Estudos.

1.3. PROCEDIMENTO PARA SOLICITAR ESTAS ACTIVIDADES

a/ O Equipo de Actividades do centro (DAE) será quen recolla a solicitude presentada polo Departamento responsable da solicitude da actividade.

b/ A solicitude será presentada no impreso correspondente que poderá recollese en vicedirección.

c/ O citado equipo estará composto pola Dirección e Vicedirección do centro, Responsable da Biblioteca, Responsable do Departamento de Orientación e o Xefe do Departamento implicado na solicitude.

d/ Todas as solicitudes deberán ser presentadas por un Departamento, tras o acordo acadado na reunión correspondente e que constará na acta pertinente.

e/ Sempre de acordo coa normativa o equipo revisará a solicitude que deberá cumprir cos requisitos tanto de orzamento como de organización de centro.

f/ A resolución que se emita será enviada ao departamento solicitante para que , de ser aceptada, poida organizar a devandita actividade.

g/ Todo o profesorado afectado por esta actividade deberá coñecer con unha semana de antelación, como mínimo, a realización da mesma e que estará exposta no taboleiro de actividades do centro cun mínimo de 48 horas.

h/ Este procedemento é de aplicación tanto para actividades dentro do centro coma as saídas didácticas dun día de duración, sempre que se desenvolvan dentro do horario escolar e afecten por tanto á organización académica.

2/ VISITAS – VIAXES DIDÁCTICAS

Normas xerais:

- Todas as excursións deberán ser autorizadas polo Consello Escolar. Para que isto sexa posible, reunirse o Equipo Docente de cada nivel educativo ao comezo do curso escolar e entregarán unha proposta de actividades ao xefe do DAEC antes do 10 de outubro. Ao inicio do segundo trimestre, durante o mes de xaneiro, abrirase un segundo prazo para a entrega dunha nova proposta de actividades. Fóra destes dous prazos non se admitirán novas propostas agás naquelas actividades referidas á eventos moi excepcionais e non previsibles a principio de curso.

Se só poden acudir á excursión un número limitado de alumnos, sortearase entre os que non teñan faltas de comportamento, e en ensino non obrigatorio tamén se terán en conta as faltas de asistencia sen xustifica.

- En todas as excursións deberá haber un profesor acompañante por cada vinte alumnos ou fracción, cun mínimo de dous profesores. Excepcionalmente poderán asistir máis, pero tendo en conta que os gastos serán os que correspondan segundo a proporcionalidade dun profesor por cada vinte alumnos ou fracción.

O pago de gastos aos profesores farase antes da realización da excursión e aboarase o importe correspondente á actividade.

- Intentarase que asistan profesores que teñan un maior número de horas lectivas ese dístico grupo de alumnos.
- A realización de actividades extraescolares e complementarias non suporá substituír máis dun 5% do total de horas lectivas do curso ou grupo, excluindo deste cómputo a realización de INTERCAMBIOS, ACTIVIDADES contidas no punto 1 desta Normativa e conferencias ou actos realizados no propio centro. En todo caso, cada grupo de alumnos non deberá participaren máis de 4 saídas que ocupen un día lectivo ao longo

do curso. No caso de 2º de BAC, dado o carácter específico deste curso e o axustado do seu calendario, terase especial coidado en non substituír sesións lectivas por actividades complementarias ou extraescolares.

2.1. VIAXES DIDÁCTICAS DUN DÍA DE DURACIÓN

Se as excursións se realizan exclusivamente en horario lectivo consideraranse viaxes de estudio e serán, polo tanto, obrigatorias para os alumnos do curso ao que se dirixen, cando sexan gratuítas ou teñan un custe simbólico, tentando, dentro do posible, que o citado impedimento non sexa obstáculo para que un alumno participe na correspondente actividade.

O encargado e coordinador deberá evitar que queden alumnos/as nas aulas. En ningún caso poderán ir oíntes.

Os pais serán informados con antelación da realización da viaxe para que xustifiquen por anticipado a non asistencia dos seus fillos á actividade, en caso de que o consideren oportuno.

Se se prevé que faltara á excursión máis dun 25% dos alumnos, aos que se oferta á actividade o DAEC e a Xefatura de Estudos poderán suspender a viaxe, e analizarase a posibilidade de non lle organizar outra actividade a este grupo ao longo do curso.

Cando se leve a cabo a excursión, aos alumnos que non asistan nin xustifiquen a súa ausencia enviaráselles á casa a falta de asistencia, e estudarase a posibilidade de participar noutra excursión ao longo do curso. Para que isto poida ser así os profesores acompañantes pasarán lista no autobús ao inicio da viaxe.

Todos os profesores implicados dalgunha maneira na excursión serán informados con 48 horas de antelación coa correspondente nota exposta na sala de profesores.

O grupo que non asista á excursión deberá permanecer na súa aula e recibirá clases de repaso.

Todo o dito para estas excursións considerarase extensivo ás actividades culturais (representacións teatrais, concertos, exposicións, ...) que, organizadas para un único grupo como actividade obrigatoria, se realicen fóra do Instituto.

Financiamento.

Con cargo ó alumnado e ó presuposto do Departamentos (50% cada un incluíndo transporte, entradas, ...)

Estas porcentaxes poden ser susceptibles de modificación en función do presuposto do departamento, podendo aumentar a porcentaxe para o alumnado ata o 100% do custo da actividade

As actividades deberán programarse por etapas e departamentos de xeito que distintos departamentos non repitan propostas para o mesmo alumnado en distintos cursos.

2.2. VIAXES DIDÁCTICAS DE MÁIS DUN DÍA DE DURACIÓN

Todas estas excursións deberán pasar polo Consello Escolar, nos prazos sinalados no punto 2. O CE valorará a aprobación a duración da viaxe e o/s grupo/s que asistirán a ela. Así mesmo, o Consello Escolar decidirá se o financiamento se fai con cargo ao DAEC, tendo en conta os fondos dispoñibles ou ben sexa o alumnado quen financie exclusivamente o transporte e o DAEC unicamente os gastos dos profesores acompañantes.

Cando se solicite a excursión deberase presentar un proxecto pormenorizado (tempo de duración, medios de transporte, custe económico, ...).

En calquera caso, o DAEC considera que non se poden tratar todas as excursións do mesmo xeito, pero que sería aconsellable non perder máis de tres días de clase para cada unha. Unicamente en casos excepcionais e moi xustificadas serán estudadas excursións de máis de tres días polo DAEC e decididas, en todo caso, no Consello Escolar.

É recomendable que cada grupo de alumnos non poida gozar de máis dunha excursión destas características ao longo do mesmo curso académico, e que cada unha delas se dirixa exclusivamente para un curso ou nivel.

Cando estas excursións esixan unha achega económica por parte dos alumnos non se poderán considerar obrigatorias para todo o grupo, e levaranse a cabo logo da análise do nº de alumnado por parte do Equipo Docente, Departamento organizador, DEAC e xefatura de estudos. Os que non asistan á excursión terán a obriga de asistir a clase. Os pais serán informados desta circunstancia. Os profesores terán o día anterior á saída da excursión a lista dos alumnos que deberán asistir a clases.

Unha vez que se fai unha actividade de varios días de actuación, sempre que a actividade sexa aprobada polo consello escolar, recoméndase que:

Ao alumnado que foi á actividades ou ben non se lle fagan exames ata dous días despois de volver de dita actividade (para darlle tempo a preparar a proba) ou ben se faga un plan personalizado de exames para estes alumno/as".(CCP do 6 de febreiro de 2018)

Considéranse caso aparte as seguintes actividades:

A. A excursión de fin de curso para alumnado de 4º ESO.

- a)- Deberá haber profesorado responsable da excursión desde principio de curso (1º trimestre) disposto a realizar unha programación educativa e acompañar aos alumnos durante a viaxe.
- b)- A busca de autofinanciamento por parte dos alumnos non entorpecerá o desenvolvemento das clases. En calquera caso, os alumnos deberán actuar en coordinación co DAEC.
- c)- O Centro facilitará que a excursión de 4º ESO se realice sempre nun período que afecte o menos posible as actividades lectivas, de acordo co equipo docente e contando coa aprobación do Consello Escolar. Como data ideal para a súa realización propónse a semana anterior á Semana Santa.
- d)- Unicamente poderán asistir a ela alumnos do centro matriculados en 4º ESO. Serán os profesores acompañantes, DEAC e a xefatura de estudos os que valoren a conveniencia de suspender a actividade en función do nº de alumnado participante.
- e) O DAEC convocará desde o inicio do curso reunións cos titores de 4º de ESO e todos os profesores interesados e, posteriormente, cos alumnos para achegar ideas e organizar o viaxe de estudos. Unha vez oídas as suxestións dos implicados o DAEC fixará o destino e a duración da viaxe.

B. O Camiño de Santiago para o alumnado de 1º Bacharelato.

- a)- Deberá haber como mínimo dous profesores/as responsables desta viaxe, que se encargarán de elaborar unha programación da viaxe e acompañar aos alumnos durante a realización da actividade.
- b)- Non coller máis de tres días lectivos, facendo a suxestión de engadilos a un fin de semana.
- c)- Propónse final de curso, unha vez realizados os exames e antes ou despois de ser avaliados, como a data as máis propicias para levar a cabo esta actividade. En calquera caso deberá informarse coa debida antelación tanto a Xefatura de Estudos como ao DAEC, logo de reunirse os titores co equipo docente.
- d)- O número de alumnos que realicen esta actividade, non deberá ser menor de 15 alumnos/as nin sobrepasar o número de 40 participantes, tendo en conta as

características e as circunstancias da viaxe que van a realizar; de superar este número terán preferencia aqueles alumnos que teñan un menor número de faltas de asistencia sen xustificar ou mellor comportamento, oído o equipo docente e xefatura de estudos.

e)- Nesta actividade participará unicamente alumnado do centro matriculado en 1º Bacharelato.

3/ OUTRAS ACTIVIDADES (charlas, conferencias, representacións teatrais, ...) **QUE SE REALIZAN NO INSTITUTO OU NA VILA DE LALIN**

32

Aínda que algunhas delas se poden programar a principio de curso, a experiencia indica que na maioría dos casos isto non é así. Polo tanto, nestes casos -e por delegación do CE- será o Xefe de Estudos, en colaboración coa Comisión de Actividades e o Equipo Docente e os Departamentos organizadores, o que decida cando e para que alumnos se levan a cabo.

A oferta cultural do Concello de Lalín ou ben outro tipo de actividades, implica normalmente unha achega económica por parte do alumnado (aínda que normalmente se trata dun prezo especial). Tendo isto en conta, cremos que non se poden considerar actividades obrigatorias, sempre e cando supoña un custo para o alumno; de non ser así a actividade considerarase obrigatoria. Os pasos que se deben seguir nestes casos son os seguintes:

a) Ofertar a actividade para un curso concreto ou para todo un nivel. Considerar se a actividade é de interese para o alumno ou se inflúe dun xeito importante na programación. En caso contrario non se realizará a actividade.

b) Informar aos profesores dos alumnos que irán á actividade, para que isto non implique falta de asistencia. Se van á actividade un mínimo dun 75% do alumnado, os profesores dedicarán a clase co resto do grupo preferentemente á realización de exercicios de repaso.

c) É importante realizar un traballo previo a actividade, para dala a coñecer e ao mesmo tempo levar a cabo un traballo posterior para comprobar datos de aproveitamento. Desto encargárase o Departamento que organizou a actividade.

d) Os organizadores da actividade serán os responsables do seu desenvolvemento.

e) Organizadores e profesores que teñan clase nesa hora cos grupos afectados serán os que preferentemente acompañen aos alumnos no momento da actividade.

Financiamento.

1º. As actividades do centro en horario lectivo serán realizadas con cargo ó DAEC, sempre con carácter gratuíto para o alumnado.

2º. Organizadas por outros departamentos: financiaranse ao 50% entre Departamentos e alumnado, incluídas as dietas do profesorado. Estas porcentaxes poden ser susceptibles de modificación en función do presuposto do departamento, podendo aumentar a porcentaxe para o alumnado ata o 100% do custo da actividade

3º. Os departamentos con pouco presuposto, financiarán as súas actividades coordinándose, a ser posible, con outros departamentos.

4/ ACTIVIDADES CONTINUAS (habitualmente os xoves pola tarde)

Sempre terá que haber un cargo directivo ou un profesor como mínimo no centro. Cando as actividades se realicen fóra do recinto escolar (p.e., no pavillón ou na piscina municipais) os alumnos tamén deberán estar acompañados por un profesor responsable. Salvo notificación expresa da Comisión de Actividades, non se cederán horas de clase para preparar as actividades que habitualmente se organizan nestas horas (teatro, revista...), nin ningunha outra.

5/ ACTIVIDADES INDIVIDUAIS DO ALUMNADO (protocolo de actuación)

Anualmente estanse a convocar en Galicia, a través da pertinente orde, os premios extraordinarios de ESO ao rendemento académico co obxecto de dar recoñecemento público ao esforzo e dedicación do alumnado desta etapa educativa, reforzar aqueles aspectos que inciden na mellora do sistema educativo e xuntar excelencia con equidade, igualdade de oportunidades e posibilidades de desenvolvemento persoal.

Establécese un protocolo de actuación por parte do centro para dar atención ao alumnado que desexe optar a este premio **ou similares**:

1.-Será o departamento de orientación o que busque información nas avaliacións sobre alumnado que posúa os requisitos de participación e o que contacte telefonicamente coas familias para darlle a información precisa. Se desexan participar, a orientadora axudará no proceso de cubrir o modelo de solicitude e de solicitar a información necesaria para remitir á consellería.

2.-Seguindo as instrucións da orde, a dirección do centro será a encargada de cubrir a aplicación informática e cargar os datos para que o alumnado quede rexistrado.

3.-O alumnado, unha vez rexistrado, recibe un **código persoal, intransferible e confidencial** e recibirá, ben no seu correo electrónico ou no seu móbil, os avisos pertinentes por parte da consellería (día do exame, lugar ...). Non é responsabilidade do centro, coñecer nin xestionar esta información.

4.-O departamento de orientación en contacto cos departamentos implicados, facilitará, ao alumnado que o solicite, modelos de exames doutros anos e indicarlles o material que se precisa levar para o exame. Será responsabilidade do alumnado, contactar cos docentes das materias das que se van examinar e solicitarlles axuda ou facerlles consultas sobre ditas probas.

5.-Desprazamento o día do exame. Habitualmente realízase en Pontevedra no IES Sánchez Cantón. Deben estar presentes entre as 9-9:15 da mañá (se non cambian as instrucións). O desprazamento do alumnado que vaia participar nas probas será responsabilidade **da familia do alumno**, por acordo de claustro do día 21 de decembro de 2012, previa información na CCP.

6.-Os resultados das probas así coma a lista de alumnado premiado pode consultarse na web www.edu.xunta.es/premioseso. O alumnado pode solicitar esta información no departamento de orientación.

En relación a esta normativa establécese o que resta deste curso escolar como período para a súa actualización, se procede. Para tal efecto, se abrirá un prazo de debate e participación de todos os sectores da comunidade educativa do centro.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores.

A25 (Promoción), D156/2022, no seu punto 3, referíndose á ESO, establece que "O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación. Este alumnado deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos plans, de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación. Esta circunstancia será tida en conta para os efectos de promoción e titulación ...".

Ademais, A23 (Promoción), D157/2022, no seu punto 3, referíndose ao BACHARELATO, establece que "O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros docentes organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes no marco organizativo que estableza a consellería con competencias en materia de educación e tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

É dicir, o alumnado que promocione sen ter superado todas as materias ou ámbitos deberá matricularse das materias ou ámbitos non superadas e seguirán os programas de reforzo que estableza o equipo docente para recuperar as aprendizaxes non adquiridas.

Os programas de reforzo e recuperación organizaranse para cada alumno ou alumna tendo en conta as dificultades de aprendizaxe que motivaron a non superación da materia ou ámbito.

Para a avaliación das materias ou ámbitos non superados teranse en conta os progresos que o alumnado realice nas actividades do programa de reforzo ou recuperación, así como a súa evolución nas materias correspondentes no curso seguinte.

Cando menos unha vez ao trimestre, informarase dos resultados da avaliación ao alumnado e aos seus pais ou titores legais.

Será responsábel de aplicar e avaliar o programa de reforzo ou recuperación o profesor ou profesora que imparta dita materia no curso superior no que estea matriculado o alumno ou alumna ou, no seu defecto, o profesor do departamento didáctico a quen se atribúa a responsabilidade de dito programa.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso.

A25 (Promoción), D156/2022, nos seus puntos 5 e 6, referíndose á ESO, establece que "O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e

tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado". "A elaboración e o seguimento do plan de reforzo e do plan específico personalizado a que se refiren os puntos anteriores realizarase de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación".

Este plan específico personalizado de cada alumno ou alumna será obxecto de seguimento cando menos unha vez ao trimestre polo equipo docente e quedará constancia dos progresos observados e os acordos adoptados.

Tomando como referencia as actas das sesión de avaliación final e os informes emitidos polo profesorado, onde se recollan o nivel de competencia curricular, as dificultades do alumnado e os contidos e aspectos sobre os que se debe incidir, deseñarse, a inicios de curso, un plan de intervención para o alumnado repetidor e a Xefatura de Estudos facilitará esta información ao profesorado que imparta docencia nos grupos con alumnado repetidor.

Estes plans específicos teñen como obxecto incidir na mellora da aprendizaxe e motivación do alumnado repetidor, así coma nunha maior implicación da familia no proceso educativo.

O equipo docente, en base ás dificultades detectadas neste alumnado, e asesorado polo Departamento de Orientación, proporá as medidas de atención á diversidade que mellor correspondan ás dificultades de aprendizaxe do alumnado (agrupamentos flexíbeis, apoio en grupos ordinarios, incorporación a programas específicos, ...).

Esta medida será xestionada polas persoas que exerzan as titorías académicas, quen comunicarán ás familias o plan deseñado para o seu fillo ou filla e promoverán a implicación destas no seguimento de dito plan.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación.

1. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

1.A. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN NA ESO

NORMATIVA DE REFERENCIA: A24 (Avaliación), D156/2022.

I. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e dos ámbitos e da etapa na avaliación das materias ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran nos anexos II e III, D156/2022.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

II. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

III. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición do nivel competencial necesario para continuar o proceso educativo.

IV. A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

V. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación

de cada materia ou ámbito tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nos anexos II e III, D156/2022.

VI. Na avaliación, promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado, garantíndose, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

VII. Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará de forma colexiada o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

38

1.B. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN NO BACHARELATO

NORMATIVA DE REFERENCIA: A22 (Avaliación), D157/2022.

I. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e da etapa na avaliación das materias serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II, D157/2022.

II. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as distintas materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

III. O profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias clave correspondentes.

IV. O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha

proba extraordinaria nas datas que determine a consellería con competencias en materia de educación.

V. Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado e que garantan, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

2. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE ESO&BAC

2.A. CRITERIOS DE PROMOCION NA ESO

NORMATIVA DE REFERENCIA: A25 (Promoción), D156/2022.

I. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo ao grao de consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias clave establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

II. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV, D156/2022 das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes

efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

40

III. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación.

Este alumnado deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos plans, de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación. Esta circunstancia será tida en conta para os efectos de promoción e titulación previstos neste artigo e no seguinte.

IV. O establecido no punto anterior deste artigo será de aplicación para o alumnado que se incorpore a un PDC, naquelas materias de cursos anteriores que non superaran e que non estean integradas nalgún dos ámbitos do programa. As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente.

V. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

Nos PDC, as decisións sobre a permanencia neles un ano máis adoptaranse exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

VI. A elaboración e o seguimento do plan de reforzo e do plan específico personalizado a que se refiren os puntos anteriores realizarase de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación.

VII. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire A5.1, D156/2022.

41

2.B. CRITERIOS DE PROMOCIÓN EN BACHARELATO

NORMATIVA DE REFERENCIA: A23 (Promoción), D157/2022.

I. Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.

II. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

III. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros docentes organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes no marco organizativo que estableza a consellería con competencias en materia de educación e tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

IV. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

V. A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo III, D157/2022 estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade.

Non obstante, dentro dunha mesma modalidade ou vía, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno cumpre as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

42

En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo.

VI. As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso teñan avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursaren de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tiverse superado previamente.

VII. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións nas que unha alumna ou un alumno que cursase o primeiro curso de bacharelato nunha determinada modalidade ou vía poida pasar ao segundo curso nunha modalidade ou vía distinta, así como o cambio de materias.

3. CRITERIOS DE TITULACIÓN (ESO-BAC)

3.A. CRITERIOS DE TITULACIÓN NA ESO

NORMATIVA DE REFERENCIA: A26 (Título de graduada ou graduado en ESO), D156/2022.

I. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no A24.1, D156/2022, e tendo en conta os criterios de titulación.

II. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Para estes efectos, nos criterios de titulación establecidos polos centros docentes non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.

III. O título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirse sen cualificación.

IV. As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados

e o nivel de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída.

V. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no A4.2, L02/2006, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no A28.5, L02/2006 poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias ou dos ámbitos que non superase, de acordo co currículo establecido neste decreto e nos termos que dispoña a consellería con competencias en materia de educación.

VI. De conformidade co establecido no A25.7, RD217/2022, a superación da totalidade dos ámbitos incluídos nun ciclo formativo de grao básico conducirá á obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

3.B. CRITERIOS DE TITULACIÓN EN BACHARELATO

NORMATIVA DE REFERENCIA: A24 (Título de bacharel), D157/2022.

I. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

II. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias, agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.

b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.

Producirase inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia correspondente cando se supere un 20% de faltas sen xustificar no cómputo total do ano lectivo. O alumnado será apercibido cando supere un 10% de faltas sen xustificar.

c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

As programacións didácticas recollerán as actividades que son necesarias en cada materia para cumprir coa segunda situación deste suposto.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo da cualificación final da etapa, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

45

III. O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida. Esta obterase calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, redondeada á centésima.

IV. Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso.

NORMATIVA DE REFERENCIA: A12 & A18, ORDE25/xan/2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de EPrimaria, ESO e BAC no sistema educativo de GZ.

CRITERIOS DE OUTORGAMENTO DE MATRÍCULA DE HONRA NA ESO.

1, As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando

no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de ESO sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2, En caso de empate entre algún candidato ou candidata á Matrícula de Honra na nota media de 4º curso de ESO, establécense os seguintes criterios de desempate:

- a) Nota media superior global na etapa.
- b) Nota media superior no terceiro curso de ESO.
- c) Nota media superior no segundo curso de ESO.
- d) Nota media superior no primeiro curso de ESO.

CRITERIOS DE OUTORGAMENTO DE MATRÍCULA DE HONRA EN BACHARELATO.

1, O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.

2, En caso de empate entre algún candidato ou candidata á Matrícula de Honra na nota media de 2º curso de BACHARELATO, establécense os seguintes criterios de desempate:

- a) Maior número de matrículas por materia (10) en 2º Bacharelato.
- b) Maior número de matrículas por materia (10) na etapa de Bacharelato.
- c) Maior número de 'noves' (9) por materia en 2º Bacharelato.
- d) Maior número de 'noves' (9) por materia na etapa de Bacharelato.

l) Decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias.

No A41.1, RESO26mai2022, indícase que "o profesorado dos centros docentes, baixo a coordinación das xefaturas dos departamentos didácticos ou, de ser o caso, do

profesorado titor ou coordinador de ciclo, desenvolverá o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada área, materia ou ámbito de cada curso do segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de ESO ou de bacharelato que teña encomendada na organización docente do centro”.

Elabórase unha única programación didáctica por nivel e nela reflíctese a planificación curricular para o desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento.

A programación didáctica debe conter como mínimo os seguintes elementos:

- a-Introdución;
- b-Obxectivos e contribución ao desenvolvemento das competencias;
- c-Unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluirán a parte do currículo da área, materia ou ámbito que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación;
- d-Metodoloxía (concrecións metodolóxicas, materiais e recursos didácticos);
- e-Avaliación (procedementos para a avaliación inicial, criterios de cualificación, procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias;
- f-Medidas de atención á diversidade;
- g-Transversal (concreción dos elementos transversais e actividades complementarias);
- h-Práctica docente: procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logo e procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

Para a elaboración e seguimento das programacións utilizarase a aplicación informática denominada Proens. Esta tamén será empregada para a entrega, a supervisión e a comprobación por parte das xefaturas de departamento ou, de ser o caso, do profesorado titor ou coordinador de ciclo, así como por parte das direccións destes centros e da Inspección educativa.

Deben coidarse os aspectos formais na presentación das programacións docentes, tendo en conta que serán publicadas na páxina web do centro. Como orientacións

xerais, sen prexuízo da calquera outra que se poida engadir, as programacións deben incluír:

1. Portada na que figuren
 - a. Nome do centro
 - b. Nome do departamento correspondente
 - c. Título do documento
 - d. Data de aprobación
 - e. Nome da xefa ou xefe de departamento
2. Organización interna que facilite a súa consulta e na que, cando menos, figuren estes elementos:
 - a. Índice coas epígrafes establecidas e os subapartados oportunos
 - b. Páxinas numeradas
 - c. Títulos e capítulos e seccións claramente identificábeis.

Ademais das programacións, tamén se realizará un resumo das mesmas para o alumnado e as familias. Neste resumo figurará:

a-Listaxe de contidos de cada materia distribuídos en unidades didácticas

b-Sistema de avaliación (cantidade e tipo de probas); e os criterios de cualificación (indicando a importancia relativa de cada proba).

Nas ensinanzas de ESO, o día 12 de xuño emitirase un INFORME DE EVOLUCIÓN ACADÉMICA PREVIO Á AVALIACIÓN FINAL mediante o cal se informará ao alumnado e ás familias sobre a súa cualificación provisional en cada materia e as actividades de apoio, reforzamento, recuperación, ampliación e titorización que permitan aumentar, de ser o caso, esas cualificacións provisionais que serán ratificadas ou modificadas na sesión de avaliación final.

As programacións didácticas de cada materia nestas ensinanzas contemplarán esta organización final do curso.

m) Criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.

Estes criterios perseguen o principio xeral da consecución da máxima eficacia e eficiencia na consecución dos obxectivos establecidos no Proxecto Educativo do centro e na súa concreción anual na PXA:

- Intentarase atender, cando menos cunha actividade ou programa, ao longo do ano escolar, a todos os niveis e ensinanzas con presenza no centro.
- Cando se trate de proxectos, plans e programas nos que non poidan participar todos os que o soliciten estableceranse criterios equitativos que serán comunicados previamente ás familias e ao alumnado previamente ao inicio do proceso de selección. Entre estes criterios figurarán:
 1. O especial apoio ao alumnado que vive de xeito permanente no rural.
 2. Terá preferencia o alumnado que non tivera participado noutros plans e programas en anos anteriores para así ampliar no posíbel o número de alumnos e alumnas que se beneficien destes programas.
 3. Se un dos criterios de selección establecidos fose a elaboración dalgún traballo persoal este deberá ser feito no centro en presenza do profesorado ou persoal que se determine, para que a valoración final destes traballos se corresponda coas habilidades, destrezas e intereses reais do alumnado.
- A oferta de proxectos, plans e programas aos que optará o centro para a participación do alumnado será diverso no seu desenvolvemento e nas temática planteadas inda que serán énfases preferentes
 1. O uso das TIC e o fomento das vocacións STEM.
 2. A promoción da adquisición destrezas comunicativas en linguas estranxeiras,.
 3. A promoción da convivencia con persoas provintes doutras culturas e ámbitos.
 4. A promoción de hábitos de vida saudábeis e a mellora da condicións física e anímica do alumnado.

n) Procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.

A129 (Competencias), LOE, no seu apartado b) establece que é unha delas “Aprobar e avaliar a concreción do currículo e todos os aspectos educativos dos proxectos e da PXA.” Polo tanto, procede que:

- a. CCP realice un seguimento das medidas e criterios establecidos nestas concrecións curriculares cara a detectar insuficiencias na mesma e o seu grao de cumprimento.
- b. Anualmente, o Claustro de profesores aprobará as actualizacións pertinentes para este documento.
- c. Tamén poderá a súa revisión cando o requira algún dos sectores representados no Consello Escolar do centro.
- d. O equipo directivo elaborará as modificacións oportunas, en colaboración co resto da comunidade educativa, que serán aprobadas, se procede, polo Claustro de profesorado.